



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

### Anuncio de adxudicación

En cumprimento do disposto no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, faise pública a resolución de adxudicación por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de setembro de 2013, por procedemento menor, da contratación da obra “pavimentación de accesos en Venceáns, Vilar e Queguas”, co seguinte tenor literal:

#### “V.- CONTRATACIÓN DA OBRA DE PLANOS PROVINCIAIS 2013

Vista a delegación de competencia efectuada por Decreto do Presidente da Deputación Provincial para a execución de obras de Planos Provinciais de 2013, “PAVIMENTACIÓN ACCESOS EN VENCEANS, VILAR E QUEGUAS”.

Vista a documentación que consta no expediente e tendo en conta que pola contía da contratación, trátase dun contrato de obra menor, segundo o artigo 138 da TRLCSP.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante Decreto do 15/06/11, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación e autorizar na contía de 41.300,00 euros (IVE incluído) o gasto que representa para este Concello a contratación referenciada.

Segundo: Adxudicar o contrato menor relativo ás obras de “pavimentación de accesos en Venceáns, Vilar e Queguas” á empresa “BENITO BASTOS, S.A.”, con CIF A32023947, e con domicilio a efectos de notificacións en A Illa s/n, Entrimo, por un importe de 34.132,23 euros e 7.167,77 euros de IVE.

Terceiro: Que o adxudicatario achegue a documentación seguinte:

- Relación dos traballadores que serán ocupados na execución da obra e certificación da súa alta na seguridade social.

Cuarto: Encomendar a dirección facultativa da obra ao técnico D. Manuel Durán Fuentes, colexiado nº 4.578.

Quinto: Comunicar este acordo á empresa adxudicataria.”

Entrimo a 11 de setembro de 2013.

O Alcalde

Ramón Alonso López

